


8 de maio

DÍA INTERNACIONAL DO BURRO



Asnot quiere celebrar coas crianzas da nosa contorna o **Día Internacional do Burro** falando un pouco sobre este animal de grandes orellas, xogando con preguntas e decorando a vosa burro-coroa.



Coñeces realmente ao burro?



Sabías que en moitos lugares usan os burros para **protexer os rabaños** dos cans, raposos, coiotes e ata dos lobos? E que **aprenden a un ritmo similar ao dos cans**?

Mentres que os cabalos evolucionaron vivindo en manadas para defenderse, os burros adoitaban pasar as temporadas que non eran de apareamento en **grupos reducidos ou incluso sos**.

Estas diferencias de conducta deron lugar a que os burros sexan moito **máis territoriais** ca os cabalos, tanto que son uns **excelentes gardiáns!** O seu mecanismo de defensa actívase antes ca nos cabalos porque, ao estar en grupos reducidos, ás veces tiñan que se enfrontar directamente aos seus depredadores para sobrevivir. O seu compañeirismo e sentido defensor caracterízaos por riba do resto de animais.



Por outra banda, e por moito que se chamen burros, estes animais **non son nin tontos nin testáns**. Ao contrario, son moi intelixentes, o que pasa é que tamén teñen un gran sentido da conservación. Por iso a veces se mostran tercos. Dáselles ben aprender a subsistir e a evitar actividades que lles asustan ou lles son dolorosas. Coma ti e coma min, vaia!

Ademais, **aprenden rápido**. Pronto asocian o son do pasador con que van saír comer e tamén ensinan aos humanos onde queren que lles rasquen, que lles gusta máis ca as **caricias**.

Son **moi pillos!**



Sabías que as súas **grandes orellas**, que por moito tempo foron símbolo de ignorancia nas escolas aorredor do mundo, en realidade permitenlles **detectar frecuencias de audio imperceptibles** para os oídos humanos e **disipar o seu calor corporal**?

Sabías que os **orneos** do burro soen durar **20 segundos** e que se poden oír a **máis de 3 kilómetros**? Iso axúdalles a manterse en contacto con outros burros tanto en prados como na natureza, e máis concretamente en amplas zonas desérticas.

Outro dos sentidos que ten moi desenvolto é o **olfacto**. O seu nariz permítelles detectar **olores a 10 kilómetros** de distancia.



E sabías que levan miles de anos axudándonos?



Sabías que o burro leva acompañándonos miles de anos, proporcionando forza de traballo e medio de transporte.

Pénsase que **foron domesticados fai 7.000 anos**, é dicir, 3.000 anos antes da domesticación dos cabalos. Dende entón utilizáronse como animais de carga e traballo en culturas ao longo de todo o mundo. Por exemplo, os romanos criaban burros xigantes para usalos no exército. Créese que neste momento da historia medían unhas 10 pulgadas, ou sexa, 25 cm máis altos que os actuais.

Fai uns 2000 anos, os burros eran uns dos animais de carga que se usaban na ruta da seda, que ía desde a China ata o Mediterráneo. Nesas mesmas datas, en Grecia comezaron a usar os burros para traballar nos viñedos e ese uso estendeuse polo Mediterráneo ata España.

E sabías que incluso eran os burros os que marcaban os camiños? Levábase un burro dun pobo a outro e por onde fose o burro, por alí se facía o camiño.



Sabedes que as **especies autóctonas**, como o burro, poseen características xenéticas peculiares que lle serviron para **adaptarse ao entorno**?

Desta forma, estas especies autóctonas, están **máis preparadas para superar enfermidades ou emerxencias medioambientais**. Canta maior diversidade, menor vulnerabilidade teñen as prantas e os animais a padecer pragas e enfermidades.

O burro é un animal en perigo de extinción. De feito en España había uns 675.000 burros a mediados do século XX, e hoxe quedan uns 30.000.

Existen **reservas e asociacións** en moitos lugares do mundo para evitar que desapareza. *Coñeces algunha?*



Coñeces o festival Asnot?





The logo for 'Asnot' features a stylized blue icon of a person with arms raised, positioned above the word 'Asnot' written in a blue, cursive script font.

*Demostremos o aprendido
con estas 5 preguntas*



1ª pregunta

**Cando se celebra
o día do burro?**



1ª reposta

8 de maio



2ª pregunta

A cantos quilómetros de distancia poden detectar os olores?



2ª reposta

A 10 quilómetros



3ª pregunta

**Os burros teñen pouca
memoria, esquecen
rápido.
Verdadeiro ou falso?**



3ª reposta

Falso!

*Os burros teñen unha gran memoria.
Poden chegar a recoñecer lugares e
outros burros aínda que pasen 25
anos.*



4ª pregunta

**A quen protexe o burro
cando está en grupo?**



4ª reposta

Protexe outros burros ou animais
semellantes cos que convive.

Tamén te protexería a ti se formases
parte da súa manda!



5ª pregunta

**Canto pode durar o
orneo dun burro?**



5ª reposta

Ata 20 segundos!


E pódese escoitar a 3 km, axudándolles a manterse en contacto con outros burros en zonas desérticas ou avisar dun perigo.

Atrévete a probalo? llllllloooooo!



Por último... pinta e pon a burro-coroa





Para rematar queremos que pintedes e vos poñades a vosa creativa **burro-coroa** para celebrar o ***Día Internacional do Burro*** !



Moitas grazas!

ASNOT.GAL

Asnot Asociación Cultural | asnot@asnot.gal | [@asnotfestival](https://www.instagram.com/asnotfestival)

